

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021767	Castro da Uz	Pontes de García Rodríguez (As)	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CBTMV11	Mantemento de vehículos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP3043	Mecanizado e soldadura	2023/2024	6	175	210

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ROSA ANA CASTAÑO CARRERA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Pretendese a preparación dos alumnos para a actividade nun campo profesional, e a súa capacitación para o desempeño cualificado das distintas profesións proporcionándolles: unha formación polivalente que lles permita adaptarse as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida.

Poidendo exercer a súa actividade no sector do mantemento de vehículos, nomeadamente en talleres de reparación e concesionarios de vehículos privados, industriais, agrícolas e de obras públicas.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Axudante/a na área de carrozaría.
- Auxiliar de almacén de recambios.
- Operario/a en empresas de substitución de cristais.
- Axudante/a na área de electromecánica.
- Operario/a de taller de mecánica rápida.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de produción nas áreas de mecanizado básico á man e unións soldadas sinxelas.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Interpretación de esbozos e planos.
- Conceptos sobre materiais e prácticas de metroloxía.
- Operacións de mecanizado e soldadura.

A formación do módulo relaciónase cos obxectivos xerais a), b) e j) do ciclo formativo, e as competencias profesionais, persoais e sociais a), b) e k). Ademais, relaciónase cos obxectivos t), u), v), w), x), y) e z), e coas competencias s), t), u), v), w), x) e y), que se incluírán neste módulo profesional de xeito coordinado co resto de módulos profesionais.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Operacións de mecanizado á man realizando a preparación das ferramentas e dos equipamentos, e a interpretación de especificacións de planos ou esbozos.
- Realización de operacións de soldadura e a observación das normas de prevención de riscos laborais.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Prevención de riscos laborais e seguridade no traballo.		15	7
2	Interpretación gráfica. Representacións básicas.		20	9
3	Interpretación gráfica. Planos e outros documentos de fabricación.		20	9
4	O taller de mecanizado e soldadura.		20	9
5	Preparación de equipamentos para a execución de procesos.		20	9
6	Operacións básicas de mecanizado.		30	15
7	Taladrado e operacións relacionadas. Mecanizado en máquina.		25	12
8	Soldadura por arco eléctrico.		40	15
9	Soldadura por chama.		20	15

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Prevención de riscos laborais e seguridade no traballo.	15

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os prever	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se empreguen e dos equipamentos e das máquinas que se manexen
CA5.2 Identifícanse os riscos ambientais asociados ao proceso de mecanizado ou soldadura

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas e equipamentos para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Interpretación gráfica. Representacións básicas.	20

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta, cota e reproduce planos sinxelos de diferentes elementos e pezas, con interpretación das súas características, aplicando procesos normalizados	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase e comprendeese o plano sinxelo da peza ou do elemento que haxa que utilizar no proceso de mecanización
CA1.3 Identifícanse e clasifícanse os utensilios de debuxo e trazado en función do proceso que cumpra realizar
CA1.7 Operouse de xeito ordenado, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Conceptos básicos da normalización e cotación.
Representación de pezas. Vistas normalizadas.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Interpretación gráfica. Planos e outros documentos de fabricación.	20

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta, cota e reproduce planos sinxelos de diferentes elementos e pezas, con interpretación das súas características, aplicando procesos normalizados	SI
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase e comprendese o plano sinxelo da peza ou do elemento que haxa que utilizar no proceso de mecanización
CA1.2 Realízase a reprodución do plano sobre papel e na superficie que se deba mecanizar
CA1.3 Identifícanse e clasifícanse os utensilios de debuxo e trazado en función do proceso que cumpra realizar
CA1.4 Organízanse as actividades conforme os medios e os materiais que cumpra utilizar, seguindo os procedementos establecidos
CA1.5 Selecciónanse as ferramentas de medida clasifíndoas de acordo co plano e coa superficie onde haxa que realizar o proceso
CA1.6 Realízanse as medidas coa precisión que o proceso exige e conforme os procedementos establecidos
CA1.7 Operouse de xeito ordenado, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA5.3 Aplicáronse as normas de seguridade persoal e ambiental no desenvolvemento de cada proceso
CA5.4 Empregáronse con corrección os equipamentos de protección individual nas actividades de cada proceso
CA5.5 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde e limpeza

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Conceptos básicos da normalización e cotación.
Representación de pezas. Vistas normalizadas.
Metroloxía: concepto de apreciación e estimación; aparellos de medida directa (regra, metro, calibre pé de rei e micrómetros); análise e utilización dos aparellos de medida directa e por comparación.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas e equipamentos para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	O taller de mecanizado e soldadura.	20

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e axusta os equipamentos, os utensilios e as ferramentas para o mecanizado, interpretando os requisitos do proceso que se vaia realizar	NO
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as actividades relacionadas co proceso de traballo que se vaia desenvolver
CA2.2 Clasifícanse os equipamentos, os utensilios e as ferramentas en función das súas prestacións no proceso
CA2.3 Relacionáronse os tipos de materiais con parámetros de velocidade, avance e tipo de ferramenta
CA5.3 Aplicáronse as normas de seguridade persoal e ambiental no desenvolvemento de cada proceso
CA5.4 Emplegáronse con corrección os equipamentos de protección individual nas actividades de cada proceso
CA5.5 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde e limpeza

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Identificación do proceso de traballo.
Clasificación de equipamentos, utensilios e ferramentas.
Materiais: produtos férreos, aceiros, aliaxes non férreas e plásticos.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas e equipamentos para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Preparación de equipamentos para a execución de procesos.	20

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e axusta os equipamentos, os utensilios e as ferramentas para o mecanizado, interpretando os requisitos do proceso que se vaia realizar	NO
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.4 Realizáronse operacións de montaxe e desmontaxe asociadas a cambios de ferramenta e formato
CA2.5 Levouse a cabo a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos, dos utensilios e das ferramentas
CA2.6 Ordenouse o posto de traballo evitando accidentes propios da profesión
CA5.3 Aplicáronse as normas de seguridade persoal e ambiental no desenvolvemento de cada proceso
CA5.4 Empregáronse con corrección os equipamentos de protección individual nas actividades de cada proceso
CA5.5 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde e limpeza

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Identificación do proceso de traballo.
Clasificación de equipamentos, utensilios e ferramentas.
Materiais: produtos férreos, aceiros, aliaxes non férreas e plásticos.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas e equipamentos para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.



#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Operacións básicas de mecanizado.	30

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Executa o mecanizado á man de pezas aplicando as técnicas necesarias, e describe o proceso	NO
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionáronse os equipamentos, as ferramentas e o material que se vaian utilizar, en relación coas características do traballo encargado
CA3.2 Suxeitouse a peza de xeito adecuado no torno de banco
CA3.3 Realizouse o achandamento, o escuadro e o paralelismo das caras da peza, coa lima adecuada e seguindo os procedementos establecidos
CA3.4 Realizáronse con precisión as operacións de corte, identificando os seus parámetros e aplicando as técnicas e os procedementos establecidos
CA3.8 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e as técnicas adecuadas e seguindo as ordes establecidas
CA3.9 Comprobouse a calidade do produto resultante e corrixíronse as anomalías detectadas
CA5.3 Aplicáronse as normas de seguridade persoal e ambiental no desenvolvemento de cada proceso
CA5.4 Empregáronse con corrección os equipamentos de protección individual nas actividades de cada proceso
CA5.5 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde e limpeza

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Selección do procedemento.
Orde no desenvolvemento dos procesos: limadura, serraxe, roscaxe, remachadura e tradeadura.
Comprobación e verificación do desenvolvemento do traballo.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas e equipamentos para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Taladrado e operacións relacionadas. Mecanizado en máquina.	25

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Executa o mecanizado á man de pezas aplicando as técnicas necesarias, e describe o proceso	NO
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.5 Realizáronse con destreza os procesos de tradeadura, seleccionando as ferramentas propias a cada material, e describíronse as características destas
CA3.6 Executouse con habilidade o procedemento de roscaxe á man, identificando o tipo de rosca e manexando as ferramentas precisas para roscar trades e espárragos
CA3.7 Realizáronse con precisión procesos de remachadura de diversos tipos, asegurando que a unión se efectúe segundo as especificacións técnicas e en condicións de calidade
CA3.8 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e as técnicas adecuadas e seguindo as ordes establecidas
CA3.9 Comprobouse a calidade do produto resultante e corrixíronse as anomalías detectadas
CA5.3 Aplicáronse as normas de seguridade persoal e ambiental no desenvolvemento de cada proceso
CA5.4 Empregáronse con corrección os equipamentos de protección individual nas actividades de cada proceso
CA5.5 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde e limpeza

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Selección do procedemento.
Orde no desenvolvemento dos procesos: limadura, serraxe, roscaxe, remachadura e tradeadura.
Comprobación e verificación do desenvolvemento do traballo.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas e equipamentos para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Soldadura por arco eléctrico.	40

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza unións soldadas simples, seleccionando os equipamentos e aplicando as especificacións técnicas do proceso	NO
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícase e organízase o material e as súas propiedades
CA4.2 Clasifícanse os equipamentos e as ferramentas en función das características do material que cumpra soldar
CA4.3 Preparouse o material base adecuándoo á soldadura que se vaia realizar (mecanizado da superficie, preparación de bordos, etc.)
CA4.4 Limpáronse as superficies de unión e elimináronse os residuos existentes
CA4.6 Conectáronse adecuadamente as fontes de alimentación, logo de seleccionar os parámetros de traballo, e identifícanse os elementos que as compoñen
CA4.7 Realizáronse as unións soldadas simples mediante soldadura eléctrica por arco voltaico, soldadura branda e soldadura de plásticos, sen defectos aparentes
CA4.8 Comprobase se a soldadura realizada cumpre coas características prescritas e se ten un acabado correcto
CA4.9 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA5.3 Aplicáronse as normas de seguridade persoal e ambiental no desenvolvemento de cada proceso
CA5.4 Empregáronse con corrección os equipamentos de protección individual nas actividades de cada proceso
CA5.5 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde e limpeza

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Equipamentos de soldadura: eléctrica por arco voltaico, soldadura branda e soldadura de plásticos.
Aplicación do proceso a diferentes casos con materiais de achega e desoxidantes.
Técnicas de soldadura.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas e equipamentos para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.



**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Soldadura por chama.	20

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza unións soldadas simples, seleccionando os equipamentos e aplicando as especificacións técnicas do proceso	NO
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr	NO

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícase e organízase o material e as súas propiedades
CA4.2 Clasifícanse os equipamentos e as ferramentas en función das características do material que cumpra soldar
CA4.3 Preparouse o material base adecuándoo á soldadura que se vaia realizar (mecanizado da superficie, preparación de bordos, etc.)
CA4.4 Limpáronse as superficies de unión e elimináronse os residuos existentes
CA4.5 Seleccionouse o material de achega e os desoxidantes en función do material que cumpra soldar
CA4.7 Realizáronse as unións soldadas simples mediante soldadura eléctrica por arco voltaico, soldadura branda e soldadura de plásticos, sen defectos aparentes
CA4.8 Comprobouse se a soldadura realizada cumpre coas características prescritas e se ten un acabado correcto
CA4.9 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA5.3 Aplicáronse as normas de seguridade persoal e ambiental no desenvolvemento de cada proceso
CA5.4 Empregáronse con corrección os equipamentos de protección individual nas actividades de cada proceso
CA5.5 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde e limpeza

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Equipamentos de soldadura: eléctrica por arco voltaico, soldadura branda e soldadura de plásticos.
Aplicación do proceso a diferentes casos con materiais de achega e desoxidantes.
Técnicas de soldadura.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas e equipamentos para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O Decreto 107/2014 que regula o título de Formación Profesional Básica, dita que a avaliación dos alumnos e as alumnas terá carácter continuo, formativo e integrador.

Os mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva serán os recollidos nesta programación e que se poden consultar nas táboas correspondentes das unidades didácticas.

O módulo constará de:

- Unha avaliación inicial sen nota numérica nin peso asignado.
- 3 avaliacións parciais de módulo coincidindo co remate de cada avaliación segundo se recolle no calendario escolar do curso 2021/2022.
- Unha avaliación final de módulo coincidindo co remate das actividades lectivas no mes de Xuño e que se recolle no calendario escolar.

Criterios de cualificación.

Os criterios de cualificación estarán en concordancia co reflectido nas táboas das unidades didácticas e repartirán o peso dos instrumentos de avaliación do seguinte xeito:

- A nota final deste módulo profesional calcúlase tendo en conta as seguintes porcentaxes:
- Os contidos conceptuais computan o 40% da nota final. Realizaráse para elo, como mínimo, unha proba escrita por avaliación, puntuable de 1 a 10 puntos, se se realiza máis de una proba escrita, obteremos a nota media sumando todos os puntos acadados e dividindo entre o número de probas.
- As actividades procedementais computan o 40 % da nota final. Realizaráse para elo, como mínimo, unha proba práctica por avaliación, puntuable de 1 a 10 puntos, se se realiza máis de una proba práctica, obteremos a nota media sumando todos os puntos acadados e dividindo entre o número de probas.
- A valoración actitudinal computa o 20% da nota final. Teráanse en conta principalmente aspectos como, asistencia, puntualidade, traballo en equipo, compañerismo, etc.

Cada un dos apartados anteriores valórase de 0 a 10 puntos. A nota final é o resultado do cálculo das porcentaxes dos tres apartados. Para realizar o cálculo das porcentaxes dos tres apartados anteriores, o alumno debe acadar un mínimo de 4 puntos en cada un deles. Para superar o módulo profesional, o alumno debe acadar una nota final mínima de 5 puntos.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Unha vez rematada cada unha das avaliacións parciais haberá actividades de recuperación que versarán sobre os mínimos esixibles non acadados polo alumnado.
  2. Despois da terceira avaliación parcial do módulo haberá un período para actividades de recuperación antes da avaliación final de módulos.
- Para o alumnado que teña partes non superadas logo de realizada a terceira avaliación parcial, o docente realizará un informe de avaliación

individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos de primeiro curso.

-A proba de avaliación final de módulos constará dunha serie de actividades de recuperación que versarán sobre as partes non superadas e os mínimos esixibles non acadados.

-O alumnado unicamente poderá recuperar de forma autónoma aquelas actividades que pola súa composición poidan ser realizados por calquera alumno ou alumna fóra de horario escolar.

-No caso de traballos prácticos nos que o profesor teña que avaliar a través de listas de cotexo ou táboas de observación, como poidan ser os traballos de taller, non poderán realizarse nunca sen a supervisión do profesor do módulo.

3.-Para o alumnado que alcance a promoción de curso con módulos pendentes realizarase un informe de avaliación individualizado. Incluirá, de ser o caso, as cualificacións parciais ou valoracións de aprendizaxe outorgadas ata ese momento ao alumno ou á alumna, as medidas tomadas de reforzo educativo ou de flexibilización na duración das ensinanzas, as validacións ou exencións concedidas, as actividades propostas para a recuperación de módulos, e cantos outros aspectos de índole educativa se consideren salientables.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

1. O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua no módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

2. A perda do dereito á avaliación continua no módulo, regulado no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria.

3. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

4. O alumnado que perdesen o dereito á avaliación continua polo que, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para o módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

-A proba de avaliación extraordinaria de avaliación para este alumnado constará dunha primeira proba escrita e unha segunda proba de taller.

-A primeira parte da proba celebrarase nun único día e terá carácter eliminatorio. A segunda parte poderá durar máis dun día e, nela, o docente pode tomar a decisión de

rematar a proba en calquera momento que non se cumpran as medidas de seguridade e prevención de riscos por parte do alumnado.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O seguimento da programación versará sobre tres eixos:

1- O seguimento diario do desenvolvemento das actividades a través do caderno de aula.

2- O seguimento semanal utilizando a aplicación da consellería, no que se concretarán tanto o grao de cumprimento da programación coma as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación destas e as propostas de mellora que se estimen convintes. Este documento servirá de



base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

3- O equipo docente, formado por todos os profesores que imparten clase no grupo celebraremos, unha vez ao mes, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións entre outras cousas. Tamén haberá unha reunión mensual de departamento no que un dos puntos da orde do día será o seguimento das programacións de tódolos módulos.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A inicios ou mediados do mes de outubro, e segundo o artigo 28 da Orde do 12 de xullo de 2011, (unha vez pechado o prazo de matrícula), o equipo docente celebrará unha xuntanza de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa de cada alumno e alumna. Nesta avaliación o titor/a dará toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo. Dos resultados obtidos da avaliación inicial obteranse os informes sobre as capacidades iniciais do alumnado e se determinarán as posibles medidas de reforzo ou extraordinarias a aplicar.

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 da mesma Orde, quedando constancia do mesmo na reunión do equipo docente para a súa análise.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Unha das diferencias entre o alumnado é a competencia para aprender a aprender. A secuencia das actividades a desenvolver deberá asumir a diversidade dos ritmos de aprendizaxe, intereses e motivacións dentro da aula. Hai que ter en conta que nesta etapa as adaptacións curriculares deber ser pouco significativas, é dicir, non se poden variar nin os contidos nin os mínimos esixibles. As medidas a tomar serán relativas a cambios na metodoloxía, atención máis personalizada, adaptación das actividades ou recursos materiais e didácticos, mesmo a adaptación dos tempos asignados á realización de determinadas tarefas, etc. Todo isto en función das necesidades educativas especiais que se pretende compensar. Estas medidas proporanse contando sempre co apoio do Departamento de Orientación do centro. Naqueles casos que sexa preciso poderase levar a cabo una flexibilización modular das ensinanzas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar, e o seu ensino afecta á globalidade do mesmo; non se trata dun conxunto de contidos autónomos, senón máis ben dunha serie de elementos de aprendizaxe sumamente globalizados.

Partimos do convencemento de que a educación en valores debe impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de xeito permanente,

xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Ademais de coidar o uso da linguaxe e de revisar coidadosamente os textos e ilustracións para que non conteñan ningún elemento que poida atender contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos, a programación suscita directamente aqueles temas transversais aos que os contidos desenvolvidos se prestan especialmente.

Educación para a saúde. Farase fincapé sobre a importancia do uso correcto da normativa para cumprir os requisitos de seguridade estrutural. Tamén é importante concienciar ao alumnado para que desenvolvan hábitos saudables cando traballan con ordenadores e promover unha participación activa na consecución dun lugar ordenado e un ambiente san e agradable.

Educación moral e cívica. Potenciarase o interese e respecto cara ás solucións construtivas adoptadas por outras persoas, culturas ou épocas para resolver un problema estrutural facendo unha crítica construtiva e tendo en conta o desenvolvemento tecnolóxico.

Educación para a paz. Propóñense os seguintes obxectivos:

Adoptar unha actitude aberta e flexible ao explorar e desenvolver as propias ideas.

Aceptar as ideas, os traballos e as solucións dos demais con espírito tolerante e de cooperación.

Adoptar unha actitude paciente e perseverante ante as dificultades e os obstáculos imprevistos.

Mostrar disposición e iniciativa persoal para organizar e participar solidariamente en tarefas de equipo.

Educación ambiental e do consumidor. Valorarase criticamente o impacto social e medioambiental producido pola explotación, a transformación, o esgotamento de materiais e o consumo de recursos, buscando a solución de menor impacto, facendo un uso racional e axeitado de recursos e da enerxía, e fomentando a reciclaxe de materiais e obxectos.

Fomentaranse actitudes de coidado, protección e respecto polos ecosistemas a través das actividades no medio natural. Ademais, discutirase sobre o uso de materiais naturais ou transformados.

Explicaráselles como o impacto da industria sobre o medio ambiente se pode reducir facendo un uso axeitado dos recursos e traballarase o tema da reciclaxe así como a redución do gasto enerxético.

Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos os sexos. O sector laboral no que poderíamos englobar este ciclo formativo estivo ocupado principalmente por homes. Debemos fomentar a igualdade entre alumnos e alumnas e promover un cambio na actitude social que sitúa ás mulleres nunha posición marxinal neste sector.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

- As actividades extraescolares, aínda por definir, sendo aquelas que o departamento considere convinte. Non serán fora do horario escolar, e si o fosen, previamente sería avisado o Equipo Directivo, e solicitaríanse os pertinentes permisos de país, nais ou titores legais.